

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de marzo de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e dous minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(340).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 6 de marzo e na ordinaria do 9 de marzo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(341).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA : ALTA EXPTE.12/2093, 03/2002.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 16.03.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Eudosa González Fernández. Expte. 03/2002.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Portas Doce. Expte. 12/2093.

**3(342).- REVISIÓN IPC DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO “ENVELLECIMENTO SAUDABLE”. EXPTE.39891/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 23.02.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a actualización do importe do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Cruz Roja Española para a prestación do servizo “envellecemento saudable” para o ano 2009, quedando establecido en 12.891,18 €, unha vez aplicada a variación anual do IPC.

**4(343).- REVISIÓN DO IPC CON CONTRATO DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAS A DROGODEPENDENTES CEDRO. EXPTE. 38148/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 27.11.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a concelleira de Facenda, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar, en execución do apartado 4 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de apoio á Unidade Asistencial a Drogodependentes (CEDRO), adjudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de marzo de 2005, a nome de EUXA, S.L., disposición de crédito por importe de 24.282,43 € na partida 4123.227.06.01 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período abril 2007-abril 2008, quedando establecido o prezo do contrato para o período abril 2008 abril de 2009 na cantidade de 602.435,30 €.

**5(344).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTOS MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE FEBREIRO DE 2009. EXPTE. 11507/331.**

Mediante providencia do 10.03.09, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural da conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados no servizo de Cultura durante o mes de febreiro e que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11476-331	<i>Subsanación deficiencias na instalación eléctrica de baixa tensión de Casa das Artes, Casa Galega da Cultura e Biblioteca Central</i>	10/02/09	2270600	Obra		12017,17	<i>Gallega de Electricidad Vigo SL (Gaevi)</i>	B36777647
11491-331	<i>Atencións protocolarias no acto realizado o 7 de febreiro as 12 h., homenaxe ás mulleres represaliadas no 36</i>	10/02/09	2260100	Servizos		425,51	<i>Grandal Service, SL</i>	B36753358
11467-331	<i>Deseño, impresión e colocación dunha lona na fachada da Casa das Artes</i>	29/01/09	2260200	Subministro	6508	3043,61	<i>Anónimo Publicidad S.L.</i>	B36721900
11450-331	<i>Subministro de combustible para calefacción das dependencias culturais</i>	13/01/09	12102210300	Subministro	4185	12000	<i>Cepsa</i>	A36154789
11453-331	<i>Vixilancia ampliación horaria por exames da Biblioteca Público Central de Vigo</i>	22/01/09	2270100	Servizos	4224	18.000,00	<i>Serramar</i>	B11066586
11439-331	<i>Construción e instalación dunha porta de emerxencia da Casa Galega da Cultura</i>	07/01/09	2120000	Obra	4294	6.277,22	<i>Construcciones Cardeñoso sl</i>	B36657252
11458-331	<i>Suscripción anual a Faro de Vigo</i>	15/01/09	2200100	Suministro	4837	339,70	<i>Faro de Vigo</i>	A36600815
	4838				272,38	<i>La Voz de Galicia</i>	A15000649	
	4840				313,00	<i>Atlántico Diario</i>	A36643674	
11468-331	<i>Contratación do espectáculo infantil Aladín perdido na Galiza” a realizar no Teatro Arte Livre</i>	02/02/09	2260803	Servizos	6511	3.000,00	<i>Encena Produccións Artísticas S.L.</i>	B36481042

11478-331	xantar do Concelleiro coa directora do Centro Dramático Galego e dúas persoas mais.	08/01/09	2260100	subministro	4213	100,85	Bares Simpatícos	B36917540
11454-331	Mantemento anual sistema climatización da Biblioteca Central	23/01/09	2270600	Servizos	7032	4.000,00	Vigo Sermaca sl	B36628683
	7028				2.000,00	SMG Iberia S.L.	B15730286	
	7030				9.000,00	Celtsener sl	B36422905	
11460-331	Servizo de transportes lixeiros mercancias	20/01/09	2230000	Servizo	4191	3000,00	Aquilino Molina Valin	35985317T
11479-331	Mensaxería mes de xaneiro 2009	31/01/09	2230000	Servizos	4220	2312,54	Reparto y gestión urgente sl	B36821494
11498-331	Ramos flores acto 07/02/09 homenaxe as mulleres represaliadas do 36	18/02/09	2260100	Subministro	4213	224,70	Flores y plantas valle fragoso	B36686533
11499-331	Centro flores falecemento do artista Xosé Guillermo	18/02/09	2260100	Subministro	4213	128,40	Flores y plantas valle fragoso	B36686533
11497-331	Intervención no acto do 07/02/09 homenaxe as mulleres represaliadas do 36	24/02/09	2270600	Servizos	1571	180,00	Xose Manuel Oliveira Rodríguez	36077241 Q
11496-331	Servizo megafonía no acto do 07/02/09 homenaxe as mulleres represaliadas do 36	12/02/09	2270600	Servizos	1571	290,00	Fernando Rodríguez García	35990479X
11493-331	Realización de lonas para a fachada de Casa das Artes con motivo da realización do Festival Alternativo das Artes Escénicas	19/02/09	2260801	Servizos	8916	2.749,20	Juan de Dios Moreno Coll	35903470X
11500-331	Suministro do libro "Vigo a cidade nas ondas" para agasallos protocolarios	27/02/09	2260100	Subministro	11554	4.487,60	Lumweg S.L.	B58969759

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(345).- TERCEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS E EXPOSICIÓNS CON SERVICIOS SECURITAS S.A. EXPTE. 11485/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 10.02.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 7 de novembro de 2005 o Alcalde resolveu adxudicar o concurso para a prestación dos servizos de atención ao público en dependencias culturais e exposicións a Servicios Securitas S.A. (CIF: A-28986800).*

*Os prezos de adxudicación foron os seguintes:*

- 10,80 € / hora; atención xeral ao público.
- 12,65 € / hora; coordinación e xestión Verbum.

*A prestación dos servizos realízase de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 26 de xullo de 2005.*

*O apartado 3 do prego de cláusulas administrativas sobre revisión de prezos establece: “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.*

*As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.*

*A revisión de prezos efectuarase sobre os prezos/hora ofertados polos licitadores.*

*O apartado 5 do prego de cláusulas administrativas sobre prazo de execución establece: “O contrato iniciarase o 01/09/2005 e terá unha duración de dous anos. O contrato poderase prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso dos órganos de contratación.*

*Tanto o Concello como o contratista poderán denunciar a vixencia do contrato cunha antelación mínima de catro meses ao vencemento do contrato ou das prórrogas.*

*Se por mor da tramitación do expediente o contrato non se iniciara o 01/09/2005, este se iniciará o día un do mes seguinte a aquel no que se notifique a adxudicación do contrato.”*

*O inicio da prestación do servizo, por necesidades urxentes, foi o 15 de novembro de 2005, o día seguinte do recibo da comunicación da adxudicación ao adxudicatario do servizo SERVICIOS SECURITAS, S.A. e do envío da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2005.*

*A primeira revisión produciuse o 19 de marzo de 2007, por acordo da Xunta de Goberno Local supuxo un incremento do 2,8% segundo os datos do INE para o período de outubro 2005 – novembro 2006, polo que os prezos de facturación a partir do 15 de novembro de 2006 foron , con IVE incluído de:*

*11,10 € /hora, atención xeral ó público*

13,00 €/ hora, coordinación e xestión Verbum.

A segunda revisión produciuse o 17 de marzo de 2008, por acordo da Xunta de Goberno Local supuxo un incremento do 4,1% segundo os datos do INE para o período de novembro 2006 – novembro 2007, polo que os prezos de facturación a partir do 15 de novembro de 2007 foron , con IVE incluído de:

11,56 €/hora, atención xeral ó público

13,53 €/ hora, coordinación e xestión Verbum.

O 3 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno Local acordou en sesión ordinaria, a segunda prórroga do servizo para a execución dos servizos de atención ao público en dependencias culturais e exposicións para o período comprendido entre o 15 de novembro de 2008 e o 14 de novembro de 2009.

Con data 5 de febreiro de 2009 a través do Rexistro Xeral a empresa SERVICIOS SECURITAS S.A. (C.I.F. A-28986800 ) solicita a terceira revisión de prezos, correspondendo un incremento da tarifa dun 2,4% segundo os datos do INE para o período de novembro 2007 – novembro 2008.

Polo tanto, a partir do 15 de novembro de 2008 os prezos de facturación polo servizo de atención ao público en dependencias culturais e exposicións deberán ser, co IVE incluído de:

11,84 €/hora; atención xeral ao público.

13,85 €/hora; coordinación e xestión Verbum.

Se facemos o cálculo dos atrasos, o importe facturado, en concepto de servizo de atención ao público en dependencias culturais e exposicións, entre o 15 de novembro 2008 e 30 de xaneiro de 2009 ascende a cantidade de 52.407,91 €, que unha vez aplicada a porcentaxe de aumento dos prezos do 2,4% danos un importe de 1.257,79 €.

A previsión para o resto do contrato (1 de febreiro – 14 de novembro) é de 232,453,83 €, o cal unha vez aplicada a porcentaxe de aumento dos prezos do 2,4 %, danos un importe de 5.578,89 €. Cumpriría autorización dun incremento de 6.836,68 € con cargo á partida 4510.227.06.14 (servizo de atención ao público en dependencias culturais e exposicións), para poder asumir o IPC por este concepto.

Polo exposto anteriormente faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Que se autorice a segunda revisión de prezos do vixente contrato con Servicios Securitas S.A. (CIF: A-28986800) para a prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais e exposicións incrementándoo nun 2,4%, variación experimentada polo IPC nacional para os servizos prestados entre o 15 de novembro de 2008 e o 14 de novembro de 2009. Os prezos serán os seguintes:

- 11,84 €/ hora; atención xeral ao público.
- 13,85 €/ hora; coordinación e xestión Verbum.

2.- O importe do contrato durante o ano 2008 (até o 14 de novembro) en concepto de servizo de atención ao público en dependencias culturais e exposicións ascende a 253.589,81 € (AD 64843), e cumpriría autorización dun incremento de 6.836,68 €, con cargo á partida 4510.227.06.14 (servizo

*de atención ao público en dependencias culturais e exposicións), para poder asumir o IPC por este concepto.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(346).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DIRECCIÓN DE OBRA DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO C.F. BOUZAS E REPARACIÓN DE SAMIL E TRAVESAS”. EXPTE. 8020/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2º.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa das obras de “renovación do campo de fútbol de Bouzas e reparación de Samil e Travesas (expte 8020-333)”.

3º.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde das “obras de renovación do campo de fútbol de Bouzas e reparación de Samil e Travesas (expte 8020-333)”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

#### **8(347).- AXUDAS AO TRANSPORTE PARA OS/ AS ALUMNOS/AS DA ESCOLA OBRADOIRO VIGO-ZOO EXPTE. 05701/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 12.03.09, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O proxecto “Escola Obradoiro Vigo Zoo I”, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola Consellería de Traballo, ten unha duración de 18 meses, contados a partir do 29/12/08, distribuídos en tres fases de seis meses cada unha, sendo a primeira delas de formación.*

*Tal e como se establece na normativa de aplicación (Decreto 344/1999, do 23 de decembro e a Orde do 16 de febreiro de 2007 capítulo II), os alumnos/as serán perceptores durante a fase de formación, dunha bolsa de transporte de 6,01 euros por día lectivo asistido, que será abonada mensualmente pola entidade promotora e financiada pola Consellería de Traballo. A percepción da bolsa será incompatible coa de prestacións ou subsidios por desemprego, e coa realización de traballos por conta propia ou allea. Para tal fin, a devandita Consellería subvencionou ao proxecto cun apartado de “bolsas ou axudas ao transporte” correspondentes á 1ª etapa formativa por un montante de 33.750,00 €. Tanto pola súa natureza como pola normativa que regula a súa existencia, estas axudas*

ao transporte non están, lóxicamente, sometidas ao réxime establecido na vixente Lei de Subvencións.

O procedemento de pago das axudas ao transporte que se propón ten as seguintes características:

- Faranse 4 pagos o primeiro será trimestral e os aoutros mensuais.
- O primeiro pago corresponderá ao período comprendido entre o día 29 de decembro de 2008 e o 28 de marzo de 2009, cun custo estimado de 16.875,00 euros,
- Os/as alumnos/as percibirán as becas de transporte mediante transferencia bancaria e a súa vez asinarán relación nominal cos importes correspondentes.

Mediante as correspondentes listaxes de asistencia, o persoal da Escola remitirá ao Servizo de Promoción Económica e Emprego os importes resultantes para cada participante, do primeiro trimestre e dos meses sucesivos. Seguindo os trámites das anteriores Escolas Obradoiro e considerando que a maneira mais axeitada de afrontar este gasto é solicitar un libramento a xustificar a nome da Directora da Escola Obradoiro con cargo na conta corrente de habilitación de pagos AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA. Existe para este fin, no orzamento municipal para o exercicio económico de 2009 a partida 3220 4890003, "Becas Vigo Zoo".

En relación co anterior PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Aprobar o procedemento de pago das axudas ao transporte dos/as alumnos/as da Escola Obradoiro Vigo Zoo.
- Autorizar o gasto de 33.750,00 euros para o pago das axudas ao transporte dos/as alumnos/traballadores da Escola Obradoiro Vigo Zoo, como estimación do que corresponderá para a totalidade dos seis meses que dan dereito á percepción da citada axuda (período comprendido entre o día 29 de decembro de 2008 e o 28 de xuño de 2009). O seu pago farase de xieto trimensual o primeiro e mensual os seguintes (4 pagos en total).
- Este importe librarase a xustificar, na conta corrente de habilitación de pagos de CAIXANOVA AUT 08 PROMOCIÓN ECONÓMICA, a nome de Beatriz Esteban Aguirre, Directora da Escola Obradoiro "Vigo Zoo", con DNI: 35.255.475-H, e realizarse con cargo á partida 3220 4890003, "Becas Vigo Zoo".

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(348).- PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL-TEMPORAL: TÉCNICAS DE ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN LABORAL E AUX. ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 5698/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.03.09, o informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 18.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 12.02.09, conformado polo xefe do Servizo de Emprego e polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o seguinte procedemento de selección de persoal laboral-temporal: Tcas. De Orientación e Información Laboral e Auxiliares Administrativas de apoio, para a realización das



accións de información , orientación e busca de emprego, no marco da orde da Consellería de Traballo do 30 de decembro do 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de ditas actividades durante o 2009.

1º.- Natureza e duración dos contratos.-

a) O contrato terá a modalidade de obra ou servizo determinado a xornada completa.

b) A duración será de 12 meses, iniciándose no ano 2009, e tendo en conta o establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora e crecemento do emprego, que modifica o art. 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto as limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal, (máximo 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contrato, para o mesmo posto de traballo).

c) Asimesmo aquelas persoas candidatas que xá desenvolvéran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no dito RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto dos Traballadores, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal.

d) As retribucións serán as establecidas para cada categoría, no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.

2º.- Postos de Traballo.

- Técnicos/as de Orientación e Información Laboral e auxiliares administrativos.

Os nº de postos de Traballo están condicionados a resolución aprobatoria da subvención da Consellería de Traballo, solicitándose para o ano 2009, seis tcas/os de Orientación e Información Laboral e dúas auxiliares administrativas coma persoal de apoio, acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro do 2009.

3º.- Funcións e perfís requeridos:

a) Para o postos de Técnicos de Orientación e Información Laboral .

I.- Con funcións de información e orientación dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego..

II.- Titulación mínima imprescindible: Media ou Superior.

III.- Titulacións preferentes:

(1) Psicoloxía.

(2) Pedagogía.

(3) Psicopedagogía.

- (4) Socioloxía.
- (5) Educación social.
- (6) Traballo social.
- (7) Diplomatura de relacións laborais.
- IV.- Experiencia profesional en información profesional e/ou orientación laboral.
- V.- Coñecementos de informática a nivel usuario.
- VI.-Coñecemento do Galego.

b) Para o posto de Auxiliar administrativo.

- I) Con funcións de apoio administrativo e atención ó público.
- II) Ciclo de grado medio de administración, secretariado ou equivalente.
- III) Experiencia (como auxiliar administrativo) con funcións de atención ao público.
- IV) Coñecemento de informática
- V) Coñecemento da lingua galega.

4º.- Procedemento de selección: Publicación de anuncio na prensa local.

- a) Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.
- ) Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.
- II) Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
- III) Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
- IV) Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- V) Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.
- VI) Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias comulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.
- VII) A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

b) Valoración dos méritos aportados:

I) Para os postos de Técnicos de Orientación e Información Laboral:

- (1) Titulación académica (máximo 2,50 puntos):
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Titulación establecida como preferente: |              |
| (I) Psicología                              | 2,50 puntos. |
| (II) Pedagogía                              | 2,50 puntos. |
| (III) Psicopedagogía                        | 2,50 puntos. |
| (IV) Sociología                             | 2,00 puntos. |
| (V) Educación social                        | 2,00 puntos. |
| (VI) Tráballo social.                       | 2,00 puntos. |
| (VII) Diplomatura de relacións laborais     | 2,00 puntos. |
| (b) Outras titulacións media ou superior    | 1,00 puntos. |
- (2) Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):  
Másters, cursos, etc, en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.
- |                       |              |
|-----------------------|--------------|
| (a) Por cada 30 horas | 0,10 puntos. |
|-----------------------|--------------|
- (3) Experiencia profesional en información e/ou orientación laboral (máximo 5 ptos):
- |                               |                       |
|-------------------------------|-----------------------|
| (a) Directa (máximo 3 ptos)   | 0,40 puntos/semestre. |
| (b) Indirecta (máximo 2 ptos) | 0,10 puntos/semestre. |
- (4) Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,15 puntos. |
| (b) Perfeccionamento ou equivalente     | 0,25 puntos. |
- (5) Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,25 puntos)
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Por cada curso de entre 20 e 49 horas   | 0,05 puntos. |
| (b) Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,10 puntos. |
| (c) Por cada curso de máis de 250 horas     | 0,20 puntos. |

II) Valoración de méritos para o posto de Auxiliar Administrativa/o:

- (1) Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):
- |  |              |
|--|--------------|
| (a) Titulación superior e complementaria | 1,00 puntos. |
|--|--------------|
- (2) Experiencia profesional: (máximo 5 ptos):
- |   |                  |
|---|------------------|
| (a) Na administración local.              | 0,10 puntos/mes. |
| (b) En outras administracións ou empresas | 0,05 puntos/mes. |
- (3) Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Por cada curso de entre 20 e 49 horas   | 0,10 puntos. |
| (b) Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,20 puntos. |
| (c) Por cada curso de máis de 250 horas     | 0,40 puntos. |
- (4) Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Curso de Iniciación ou equivalente: | 0,50 puntos. |
| (b) Perfeccionamento ou equivalente     | 1,00 puntos. |
| (c) Outros cursos de máis de 49 horas   | 0,50 puntos. |
- (5) Outros méritos relacionados coa informática e ou os idiomas.(máximo 1 punto)
- |   |              |
|---|--------------|
| (a) Por cada curso de entre 20 e 49 horas   | 0,10 puntos. |
| (b) Por cada curso de entre 50 e 249 horas. | 0,20 puntos. |
| (c) Por cada curso de máis de 250 horas     | 0,40 puntos. |

c) Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, decidirá cal é a mínima puntuación esixida para acceder a entrevista e para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión , a puntuación da entrevista engadiráse a de curso de méritos e exercicio práctico.

#### 5º.-Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

#### Composición:

O Xefe do Servizo de Promoción E., Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Un funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretario/a.

Un/unha Tco/a funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

O Organo de Selección contará coa asistencia técnica- admtnva da Tca. de Organización e X. de Recursos Humanos do Servizo de Emprego.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto a súa composición e funcionamento, deberá respetar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquela outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as , emitirase Acta co listado do persoal seleccionado, remitíndolle unha copia da mesma á Dirección Xeral de Formación e Colocación, adxuntándolle os currículos destas persoas seleccionadas, debidamente acreditados.

#### 6º.- Presentación de solicitudes:

- a) Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.
- b) Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo).  
Dirixido ao servizo de Emprego e Participación Cidadá.
- d) Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.
- e) Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.
- f) O requisito para contratar será comprobado por esta Administración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.
- g) A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 3 días para solicitar aclaracións.

**10(349).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 45.670,39 € A FAVOR DE UTE IMES ESYCSA POLO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DE TUNEIS E PASOS INFERIORES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12893/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 12.03.09, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.03.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en data 12/07/04, adxudicou entre outros o Expte. 16.628/240 “Mantemento Integral das Instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores”, por un período de 2 anos prorrogable en 2 anos máis.*

*A última prórroga deste contrato (Expte. 12.198/444), rematou o pasado día 31 de agosto de 2008.*

*Con antelación suficiente, 6 de marzo de 2008, no Servizo de Electro-Mecánicos redactouse o Prego de Prescricións Técnicas, co expte. 12.423/444, remitido posteriormente á Oficina de Contratación o 7 de marzo. Este expediente atópase actualmente na Oficina de Asesoría Xurídica para informe dende o pasado 7 de xullo.*

*Tendo en conta que as instalacións que regulan o tráfico no interior do túnel deben estar permanentemente controladas e en perfecto estado de funcionamento xa que o contrario suporía un grave perigo para a circulación, e polo que se considera imprescindible que se siga prestando servizo de mantemento a estas instalacións.*

*Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro pasado a seguinte proposta:*

- 1º.- Encomendar á UTE Imes-Esysca, adxudicataria ata o 31 de agosto de 2008 que continúen coa prestación do servizo de mantemento dos Tuneis e pasos*

*inferiores, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas no prego que serviu de base para a contratación de tal servizo.*

*2º.- As certificacións mensuais por prestación do servizo, ao non existir contrato, deberán ser tramitadas mediante expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.*

*Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, PROPOSTA:*

*1º.- Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de febreiro de 2009, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(350).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR UN IMPORTE DE 4.130,35€ A FAVOR DE SCHINDLER S.A. POLO MANTEMENTO DOS ASCENSORES DO EDIFICIO CONSISTORIAL. EXPTE. 12831/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 12.03.09, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 22.01.09, conformado pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

*En data 15 de febreiro de 2005, os Servizos Electro-Mecánicos inician o expediente 10261/444 para o Subministro e Instalación de dous ascensores no Edificio Consistorial.*

*O citado expediente foi adxudicado á empresa Schindler, S.A. según acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2005 por un importe de 198.040,23 Euros.*

*O apartado 5 “Contrato de mantemento”, do Prego de Prescripcións Técnicas recolle o seguinte: “...As empresas concursantes deberán presentar coa súa oferta técnica un modelo de contrato de mantemento anual dos ascensores, valorado economicamente no que deberá vir detallado o custo do servizo de emerxencia 24 horas”.*

*Así mesmo no Prego de Condicións Administrativas, o apartado XIII indica o seguinte:*

*1º.- Para a adxudicación do concurso teranse en conta os seguintes criterios:*

- A maior baixa ofertada valorarase con 60 puntos, o resto das baixas valoraranse de forma proporcional.*
- As melloras propostas e relacionadas co obxecto do concurso valoraranse con ata 20 puntos (as melloras deberán estar valoradas economicamente).*
- O contrato de mantemento proposto valórase con ata 20 puntos.*

*Nembargantes, e a pesar do indicado no Prego, por parte da Oficina de Contratación non se tramitou o expediente en tempo, sendo adxudicado o novo contrato de mantemento dos ascensores da Casa do Concello o 17 marzo de 2008, según acordo da X.G.L., asinándose o mesmo o 23 de*

abril de 2008, expediente 12.194/444; polo que dende o mes de decembro do ano 2007 ata o mes de abril do ano 2008, á empresa Schindler, S.A. estivo realizando as revisións establecidas sen que exista unha obriga contractual o respecto co Concello de Vigo.

Tendo en conta que o importe mensual é de 826,07 Euros, as facturas xeradas dende o mes de decembro de 2007 ata o mes de abril acumulan unha deuda de 4.130,35 Euros (catro mil cento trinta euros con trinta e cinco céntimos) co IVE engadido.

Existe dotación orzamentaria suficiente para financiar o importe reclamado na partida 1210.227.06.00. Co Abono destas facturas non se produce ningún quebranto ao resto dos compromisos con cargo a esta partida, xa que existe crédito suficiente para financiar os mesmos.

Os prezos axústanse aos vixentes do mercado.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, PROPOSTA:

- Recoñecer unha indemnización substitutiva a favor de Schindler, por un importe 4.130,35 Euros, correspondente á facturación dos meses de decembro de 2007 ata o mes de abril do ano 2008, con cargo á partida orzamentaria “Conservación e mantemento de ascensores” 1210.227.06.00.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(351).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DE SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 4482/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 9.03.09, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 5.03.09, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de febreiro de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01.

#### **13(352).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE FEBREIRO. EXPTE. 828/334.**

Mediante providencia de data 9.03.09, a concelleira-delegada de Xuventude dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de febreiro de 2009 e que son os seguintes:

Expediente	810/334. Adquisición fotocopiadora
Decreto concelleira	data 2 de febreiro de 2009
Informe Intervención	RC 5279
Adxudicatario	NEA F3 IBÉRICA, S.L.
Importe	8.405,87 euros

Expediente	822/334. Exposición gráfica e audiovisual <i>Crónicas da represión lingüística</i>
Decreto concelleira	data 24 de febreiro de 2009
Informe Intervención	RC 10915
Adxudicatario	Acuarela comunicación, S.L.L.
Importe	7.737,20 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**14(353).- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA UN AUTOBÚS COMO DESPRAZAMENTO NO PATRIMONIO MUNICIPAL. EXPTE.6493/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Mobil, do 10.03.09, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no Patrimonio municipal ao autobús nº 402, matrícula PO-6495-U, con antigüidade dende 1.984.

**15(354).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O MES DE FEBREIRO 2009. EXPTE. 04853/307.**

Mediante providencia de 12.03.09, a delegada de Patrimonio Histórico dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Patrimonio Histórico durante o mes de febreiro do ano 2009 e que son os seguintes:

NºExp	Serv	Asunto	0,00 €	Adxudicatario
4768	307	ADQUISICIÓN MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL PARA ACTUACIÓNS DE PATRIMONIO	10.000,00 €	



		HCO		
4767	307	ADQUISICIÓN MATERIAIS PARA REPARACIÓNS E MANTEMENTO MAQUINARIA	6.000,00 €	
4769	307	COLOCACIÓN NOVO SOPORTE PEDRA PARA MURAL CERÁMICA AZULEXOS PUBLICITARIOS DE POLICARPO SANZ	4.292,00 €	ARQUIPEDRA SCL
4795	307	OBRADOIROS PROGRAMA MUNICIPAL DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO	1.647,20 €	LUA VERDE SL
4797	307	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO CASCO VELLO	15.000,00 €	
4810	307	INSTALACIÓN SINALÉTICA INFORMATIVA SOBRE PATRIMONIO CULTURAL	7.551,60 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
4809	307	PROXECTO OBRAS REURBANIZACIÓN SAN SEBASTIAN/ABELEIRA MENENDEZ	8.756,75 €	PETTRA
4808	307	PROXECTO OBRAS REURBANIZACIÓN EN POBOADORES/ELDUAYEN	7.756,76 €	PETTRA
4817	307	MANTEMENTO ELEMENTOS PATRIMONIO HCO	7.000,00 €	
4816	307	ADQUISICIÓN PLANTAS TEMPORADA PARA XARDÍNS PAZO QUIÑONES DE LEÓN	4.300,00 €	

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **16(355).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E COORDENACIÓN DOS CURSOS E ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE 7125/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 6.03.09, conformado pola concelleira de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local en sesión de marzo de 2007 acordou adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo a contratación da prestación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo.*

*Según se establece na cláusula 4º.- do contrato éste terá unha duración de dous anos, a contar desde o 1 de abril de 2007.*

*No apartado 7.3.1 da FEC establece a posibilidade de prorroga do contrato por dous anos, prorrogable ano a ano.*

*Por parte do Xefe do servizo de educación remítese o expediente a este servizo para tramitar a primeira prorroga do contrato para a xestión e docencia do programa educativo "alfabetización de persoas adultas".*

*A primeira revisión de prezos do contrato foi aprobada pola Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2008, establecendose o prezo revisado na cantidade de 33.696,00 euros ano. O prezo hora a efectos de ampliación redución do contrato como consecuencia da revisión será de 43,03 euros/hora.*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a prorroga do contrato do servizo de prestación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo, adxudicado a "mulleres progresistas" por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de marzo de 2007, a partir do 1 de abril de 2009 ata o 31 de marzo de 2010.*

*O prezo do contrato perante a prorroga será o que actualmente está facturando a empresa 33.696,00 euros/ano, pendente de revisar polo incremento do IPC marzo 2008/2009.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

#### **17(356).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 285.592,73 € A FAVOR DE LINORSA POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE CASA DO CONCELLO E DEMÁIS DEPENDENCIAS PROPIAS OU ARRENDADAS. EXPTE. 18591/240.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 6.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:*

*O Concello de Vigo, por Resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, á empresa "Limpezas del Noroeste, S.A."- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prorroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.*

*O prazo da contratación ó que se refire o parágrafo anterior, tal como estaba estipulado no prego de condicións que rexou o concurso convocado para a adxudicación, finalizou o 31 de decembro de 2006, e o feito que á data actual, non esté adxudicado un novo concurso para a prestación do servizo de limpeza en distintas dependencias municipais, según informa o servizo de contratación, por mor da publicación da Lei 30/2007, de 30 de octube de contratos do sector público, na que se prevé unhas condicións mais favorables en canto a prazos, considerouse preferible demorar a redacción do prego de condicións e a posterior licitación ata a entrada en vigor de dita Lei. A decisión anterior non solo afectou a presente contratación senon tamén ó resto das contratacións dos distintos servizos, obras e suministros municipais, feito que provocou un retraso considerable e que fai que a data actual o expediente aínda non esté adxudicado, todo elo fai que sexa necesario indemnizar á empresa polos servizos prestados.*

*Dado o tipo de servizo de que se trata, requireuse ó adxudicatario do servizo, para que continuase coa prestación deste, ata que se adxudique o novo expediente de contratación que se está tramitando.*

*A empresa adxudicataria manifestou a conformidade á continuar coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións que ata data se estaba realizando, incluíndo a posibilidade de revisión de prezos tal como se recollía na contratación inicial concertada coa empresa.*

*O importe facturado considerase adecuado, xa que, o cálculo deste, foi efectuado en base os mesmos criterios, e correspondense cos vixentes no contrato do servizo de limpeza de dependencias do Concello de Vigo cúa empresa Linorsa.*

*O importe deste expediente de recoñecemento de debida, corresponde ó adeudado á empresa perante os meses de decembro 2008 e xaneiro de 2009, a facturación do mes de xaneiro aparece revisada conforme o convenio provincial de limpeza de edificios. Incluíse tamén o importe correspondente a limpeza nos aseos do parque de Castrelos, por mor de unha nova ampliación cúa inclusión dos aseos.*

*O importe facturado mensualmente pola limpeza dos distintos centros, unha vez actualizado é o seguinte:*

- Limpeza Casa do Concello 125.823,72 euros.*
- Limpeza edificio rúa areal 36/Oporto 10.102,58 euros.*
- Limp. Programa pto. Xove 580,30 euros.*
- U.B.A.S. Teis 347,86 euros.*
- Programa empece 1.181,41 euros.*
- Limpeza en vestuarios de Castrelos 418,07 euros.*
- Limpeza en aseos de castrelos: 381,98 euros.*
- Aumento do servizo de limpeza en Parque Movil 951,41 euros.*
- Centro Sereos Elduayen nº 7: 355,30 euros.*

*Inclúese tamén neste expediente de crédito, a facturación de diversos traballos extraordinarios realizados en distintos centros municipais, como a exposición Abu Grhaib- El circo realizada na Casa das Artes, perante os meses de decembro 2008 e xaneiro de 2009.*

*Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de indemnizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de limpeza na Casa do Concello e outras dependencias municipais, 285.592,73 euros ive engadido.*

*Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 285.592,73 euros, ive engadido, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**18(357).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO, E XESTIÓN DE COBRO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 18405/240**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.02.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 13.10.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

*D. Luís Ponte Herranz, como representante da empresa Setex- Aparki, S.A., adxudicataria do servizo de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro de vehículos indebidamente estacionados na vía pública do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2007, mediante escrito presento no Rexistro Xeral nº de doc. 80069311, posteriormente modificado polo escrito nº de doc. 80125219, de data 10 de outubro de 2008, solicita a primeira revisión de prezos do contrato.*

*A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e textualmente manifestase nos seguintes termos:*

*" O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme a seguinte fórmula:*

*Prezo actualizado: ( ( Po – amortización) K + amortización) x T*

*Na que: po = prezo inicial do contrato.*

*T = índice multiplicador que recolle o tipo impositivo IVE aplicable á operación.*

*K= A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C(Rt/Ro).*

*A,B e C son coeficientes ponderados expresados en centésimas, relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B), e outros gastos fixos anuais.*

*O concepto amortización defínese como o valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para pagar o capital investido -obxecto de revisión- en "n" periodos de tempo, ó tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais.*

*O tanto unitario "i" será o euribor a un ano ( ou inmediato prazo inferior) ou índice que ó substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, mais unha marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofertar os licitadores nas súas propostas económicas.*

*O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión a través da fórmula polinómica, sin embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que puidan supoñer para a concesionaria a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentado ou diminuído a referida cota constante segunda o cadro de amortización que para o efecto se elabore.*

*As diferencias positivas ou negativas ámbalas dúas anualidades dará lugar unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu perciboo día seguinte da entrada en funcionamento o día seguinte*

da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restriccións:

$A+B+C = 1$  e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

$Mt/Mo$  = Índice xeral correspondente ó incremento real dos costes de persoal obtidos segundo as seguintes expresións  $Mt/Mo = Cpn(t)/Cpn(o)$ , sendo CPN o custo medio real para a categoría de conductor, segundo convenio colectivo nos anos "T" de revisión e "O" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á experimentada polo IPC incrementado en 1,5 puntos.

$Gt$  = Custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano da revisión (t).

$Go$  = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

$Rt$  = Outros gastos, no momento da revisión, calculado pola aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

$Ro$  = Outros gastos no momento da adxudicación caculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado así como ás posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, e as seguintes transcorrido un ano dende a inmediata anterior.

No documento administrativo do contrato establececese ó seguinte:

- O prazo do contrato comenará o 1 de abril de 2007.
- Fixa como prezo para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de 1.692.440,00 euros/ano, como prezo de adxudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade dos servizos obxecto de contratación o de 1.714.226,00 euros/ano ( impostos incluídos).
- Fixa como coeficientes A,B,C a que alude a cláusula VII – revisión ordinaria de prezos, os seguintes:  $A = 0,6079$ ;  $B = 0,0371$  e  $C = 0,3549$ .
- Fixa como tipo de intereses aplicable ás inversións : tipo medio EURIBOR + diferencial 0,00%.
- Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para o contrato en 1.000.000,00 euros.

Segundo a oferta presentada pola empresa adxudicataria o prezo descomponse do seguinte xeito:

I a) amortización: 37.672,00 euros.

b) financiación da inversión: 180.063,00 euros.

II Gastos de persoal: 737.017,00 euros.

III: Gastos de combustible: 45.000,00 euros.

IV: Outros gastos: 430.311,00 euros.

SUBTOTAL: 1.430.063,00 euros.

Gastos xerais: (0,52%). 7.486,00 euros.

Beneficio industrial: 21.451,00 euros.

SUBTOTAL: 1.459.000,00 euros.

IVA: 233.440,00 euros.

TOTAL PRESUPOSTO PRIMEIRO ANO: 1.692.440,00 euros.

A fórmula de revisión tal como se expuxo no apartado anterior, será a seguinte:

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Os coeficientes: A,B, e C, tal como consta na oferta presentada pola empresa toma os seguintes valores:

$$A = 0,6079$$

$$B = 0,0371$$

$$C = 0,3549$$

- *Mt/Mo*, calcularase polos incrementos experimentados polo IPC dende a data de finalización de presentación de ofertas ( marzo de 2006 ) a do mes anterior da data que procede a revisión, que comenzaría o 1 de abril de 2008, polo tanto sería marzo de 2008.

O levar o sumendo de 1,5 puntos, calcularemeos os incrementos interanuales, quedando do seguinte xeito:

- incremento marzo 2006/marzo 2007: 2,5% + 1,5 puntos = 4,0 %.

- incremento marzo 2007/marzo 2008: 4,5% + 1,5 puntos = 6,0%.

O incremento acumulado do periodo será polo tanto 10,2%.

$$Mt/Mo = 1,102.$$

- *Gt/Go*.- Para calcular este incremento, utilizaremos o indice nacional do gas-oil, sen impostos, no mes de finalización de presentación de ofertas, marzo de 2006, e no mes anterior a data de revisión marzo de 2008, que según datos obtidos do Ministerio de Industria, alcanza os valores de 51,6 e 65,5 respectivamente, resultando un incremento para o cociente *GT/Go* = 1,289.

- *Rt/Ro*, calcularese polo incremento do índice de prezos o consumo dende marzo de 2006 a marzo de 2008, que según datos facilitados polo INI foi de 7,1%.

O coeficiente de revisión, sería polo tanto:  $Kt = 0,6079 \times (1,102) + 0,0371 (1,289) + 0,3549 (1,071) = 1,097$ .

Aplicando dito coeficiente tal como esta previsto no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación obtense o seguinte:

Prezo actualizado =  $((Po - \text{*Amortización}) K + \text{**amortización}) \times T =$

*\*amortización -Importe da amortización tal como figura na oferta económica presentada pola empresa.*

*\*\*amortización – Importe da cuota de amortización recalculado para o ano de revisión (abril 2008/2009), aplicando a inversión inicial o tipo euribor de marzo de 2008, segundo tablas adxuntas cun valor de 4,73% anual.*

Prezo revisado =  $(1.459.000,00 - (37.672,00 + 180.063,00)) \times 1,097 + (37.672,00 + 339,176,00) \times 1,16 = 2.016.678,20$  euros/ano.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

*Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de retirada inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, adxudicado a empresa Setex-Aparki por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2007, fixando éste, a partir do 1 de abril de 2008, na cantidade de 2.016.678,20 euros/ano.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(358).- REVISIÓN DE CANTIDADE DE EQUILIBRIO DO CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO E REGULAMENTO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIKETS NA VÍA PÚBLICA (XER) EXPTE.18557/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 2.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D.Carlos Alberto Baña Neira, en representación de la empresa Dornier, S.A., adxudicataria da xestión do servizo público de Estacionamento Regulado mediante expendedores de tiques na vía pública ( XER), mediante escrito presentado no Rexistro xeral en data 14 de decembro de 2008, nº de documento 80165896, solicita a revisión da cantidade de equilibrio da concesión.*

*A solicitude do adxudicatario ten o fundamento na cláusua 3.3 do PCA particulares que rexeu a adxudicación do concurso, que manifesta o seguinte en canto a revisión da cantidade de equilibrio da concesión:*

3.3.1 *Conforme a aplicación do incremento anual do Índice de prezos o consumo anual estatal, no ano anterior á data en que se produza a revisión de prezos.*

3.3.2 *A primeira revisión da cantidade de equilibrio da concesión se efectuará transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación do IPC xeral do estado dende a data de apertura da oferta económica e a data en que proceda a primeira revisión. As seguintes revisións se efectuarán transcorrido un ano dende a inmediata anterior.*

3.3.3 *Para o suposto de prorroga do contrato procederá a revisión dacordo co previsto nos parágrafos anteriores.*

3.3.4 *as revisións d eprezos deberán ser aprobadas pola Xunta de goberno Local ou organo que o substitúa.*

3.3.5 *A cantidade de equilibrio da concesión revisada será a que se teña en conta ós efectos previstos na cláusula 3.1 deste prego.*

*Segundo se manifesta nos antecedentes do contrato administrativo de data 14 de xuño de 2007, firmado entre as partes, as ofertas presentadas foron abertas pola Mesa de contratación nas reunións de 19 e 27 de febreiro de 2007, e xa que o prazo do contrato comenzo a contar o día 1 do mes seguinte ó da firma do contrato, é decir o 1 de xulio de 2007, o incremento do IPC a aplicar será o comprendido entre febreiro de 2007 e xuño 2008, que según datos facilitados polo INE foi de 7,8%.*

*Tal como se estipula no contrato a cantidade correspondente ó equilibrio económico financeiro é de 1.993.093,81 euros/ano, que ó revisala resulta,  $1.993.093,81 \times 1,078 = 2.148.555,13$  euros/ano.*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a revisión da cantidade de equilibrio da concesión da Xestión do servizo público de Estacionamento Regulado mediante expendedores de tiques na vía pública ( XER), adxudicado a empresa Dornier S.A., na Xunta de Goberno local de 23 de maio de 2007, fixando dita cantidade a partir do 1 de xulio de 2008 na cantidade de 2.148.555,13 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(359).- SUBSANACIÓN DE ERRO EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26.11.07 SOBRE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA ENTRADA DE VEHÍCULOS A FINCA NO PASEO CRONISTA ALVAREZ BLAZQUEZ. EXPTE.3487/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 9.03.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Primeiro.-A Xunta de Goberno Local en sesión de 26 de novembro de 2007 acordou autorizar a SLINK SL (Eduardo Castro García) a ocupación do dominio público coa realización dunha rampa*



no Parque do Castro á altura da propiedade nº 52 do Paseo Cronista Alvarez Blazquez, de acordo e con sometemento ás condicións xurídicas e técnicas reflectidas en dito acordo.

Segundo.-.Pola entidade autorizada, SLINK SL, solicítase a corrección dun erro existente na autorización outorgada, ao figurar erroneamente como nº da finca o 52 do Paseo Cronista Alvarez Blazquez, cando na actualidade correspóndese co nº 50, segundo informe do servizo de estadística do Concello.

Terceiro.- Constatado o erro na identificación da finca que contén o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local, resulta de aplicación, no presente caso, o disposto no art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC conforme ó cal as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 26.11.2007 (exp. 3487/446), aos únicos efectos de subsanar o erro existente no número de propiedade reflectido, debendo dicir nº 50 do Paseo Cronista Alvarez Blazquez en lugar do nº52 sinalado.

Segundo.- Notificar o presente ao interesado e servizos municipais correspondentes.” .

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(360).- PROXECTO DE “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO AO MORRAZO DENDE VIGO. MOAÑA-VIGO. DESDOBLAMENTO DA TUBERÍA DENDE O DEPÓSITO DE “O CASAL”. EXPTE. 92/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno, do 5.03.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Lexislación Aplicable:*

-LBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

-LCSP.- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

*Antecedentes:* Mediante escrito de data 18.04.2008 a Subdirección Xeral de Programación e Proxectos do Organismo Autónomo Augas de Galicia, insta do Pleno deste Concello diversos pronunciamentos en relación coa obra de infraestrutura sinalada no encabezamento.

*Dado que se solicita acordo plenario emítase o seguinte,*

*Informe:* A obra enmárcase na colaboración técnica e financeira entre a Administración Hidráulica (Aguas de Galicia) e as Entidades Locais regulada no Decreto 84/1997, de 10 de abril, norma que articula como debe instrumentalizarse tal colaboración sinalando que as Administracións municipi-

*pais veñen obrigadas ó cumprimento de determinados requisitos como é a posta a disposición dos terreos, a aprobación do proxecto e a exposición pública do mesmo, a renuncia a exacción de calquera tributo con motivo das obras... etc.*

*Respecto da infraestrutura mencionada dase a particularidade de que a Administración solicitante, é dicir, a que insta a obra, non é o Concello de Vigo, éo a propia Administración Hidráulica –que presumiblemente actúa de oficio- ou no seu caso, as entidades municipais da Península do Morrazo, beneficiarias da actuación, non obstante a traza da obra a realizar transcorre por territorio do termo municipal de Vigo, razón suficiente que obriga a este Concello a colaborar coas outras Administracións implicadas no senso de facilitar/posibilitar a execución de tal infraestrutura principalmente no que se refire á posta a disposición dos terreos.*

*O Proxecto remitido non implica maiores caudais de auga ó Morrazo dende os encoros que facilitan o subministro á cidade de Vigo, a obra tan só supón o desdoblamento da rede (tubería) existente que entraría en funcionamento no suposto de deficiencia na rede de conducción principal, con elo inténtase garantir plenamente o subministro ó Morrazo. Neste senso no expediente consta informe técnico emitido polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 26.09.2008.*

*Polo que se refire á posta a disposición dos terreos non existe inconveniente ningún respecto daqueles que sexan de titularidade municipal. No caso de que para a execución da obra resulte necesaria a ocupación de terreos de propiedade particular debe ser a Administración Hidráulica a que obteña deses propietarios os títulos de cesión de uso que posibiliten tal ocupación.*

*A posta a disposición que se insta e simplemente unha cesión temporal da posesión dos terreos destinada a facilitar a execución dunha obra de interese xeral, decisión que se enmarca no que pode denominarse “xestión patrimonial”, atribución competencial que neste Concello corresponde adoptar á Xunta de Goberno Local, Disposición Adicional 2ª LCSP, órgano competente.*

*A execución do imposto devengado como consecuencia da realización da obra é unha previsión contemplada no art. 3.1 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto. A exención da taxa é consecuencia da innecesariedade de licencia en tanto en canto a aprobación técnica do proxecto faculta a realización da obra.*

*En virtude do exposto, materializando a colaboración instada, procede que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar técnicaamente o proxecto de Ampliación do Abastecemento ó Morrazo dende Vigo. Moaña-Vigo. (OH 236.697).*

*Segundo.- A aprobación técnica acordada implica o outorgamento de tódalas autorizacións municipais necesarias para a realización da obra.*

*Terceiro.- Poñer a disposición da Administración Hidráulica os terreos de titularidade municipal e a auga necesaria para a execución da obra. Os terreos municipais atópanse libre de cargas e gravames.*

*Cuarto.- Declarar que no suposto de que sexa necesario a ocupación de terreos de propiedade privada o título necesario para tal ocupación terá que ser obtido pola Administración Hidráulica promotora da actuación.*

Quinto.- Declarar que a realización das obras atópanse exentos de calquera tributo municipal.

Sexto.- Expoñer ó público o proxecto aprobado mediante anuncio a insertar no BOP ó obxecto de que durante un prazo de vinte días os interesados formulen as suxerencias e reclamacións, que consideren conveniente.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo a Augas de Galicia en unión do certificado do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en donde se indique o resultado da información pública.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba proposta contida no precedente informe.

### **22(361).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN AO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO 11 DO PERI IV-04 DO CALVARIO (ACTUAL APR 4 09 CALVARIO 6) DERIVADO DO ACORDO DA XGL DE DATA 7.10.08. EXPTE. 4624/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta, de data 13.03.09, asinado polo director adxunto da Oficina de Planeamento e Xestión, o director adxunto da Oficina de Planeamento e Xestión, o secretario e a xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*O Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario foi aprobado definitivamente con data 9 de marzo de 1979 e incorporado na súa práctica totalidade ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, contén a ordenación detallada do seu ámbito e a delimitación poligonal do mesmo.*

*Por acordo plenario de 12.09.05 adoptouse a seguinte resolución: "(...) Aprobar definitivamente á modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, con visado do COAG do 17 de Novembro de 2004 (...)". En dito acordo se prevé como sistema de actuación urbanística o de cooperación, polo que para establecer una equitativa distribución dos beneficios e cargas derivados do planeamento entre os propietarios afectados pola actuación urbanística proxectada, procedía legalmente incoar expediente de reparcelación, tal e como se establece nos artigos 134 e seguintes da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e vixentes do rd 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.*

*A Xunta de Goberno local deu aprobación definitiva do convenio de xestión do polígono 11 do Peri do Calvario (Expte. 4492/401). O mesmo está asinado con data 25.11.05.*

*A entidade "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." presenta proposta de proxecto de equidistribución.*

*Por resolución do vicepresidente da XMU de data 17.10.05, acordouse o seguinte: "(...) 1.- Entender por iniciado o expediente de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-4 "O Calvario" coa aprobación definitiva da modificación do ámbito e delimitación de novo polígono e cambio de sistema de actuación, adoptada na sesión plenaria de 12 de setembro de 2005. 2.- De acordo co establecido no artigo 103 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, requirir ós propietarios para que exhiban ante a Administración os títulos da finca ou fincas da súa propiedade, comprendido dentro dos límites referidos. Así mesmo, ínstase ós mesmos para que declaren no prazo de quince días as situacións xurídicas que co-*

ñezan e afecten a ditas fincas. Se lles advirte expresamente que a omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderá afectar o resultado obxectivo da reparcelación, e si se apreciase dolo o negligencia graves, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. Logo da documentación acadada polos interesados, instarase ó número 2 do Rexistro da propiedade certificacións das titularidades e cargas das fincas afectadas. Así mesmo solicitarase que de cada finca se extenda nota expresiva do organismo actuante e data da iniciación do expediente de reparcelación. A indicada nota marxinal soamente producirá o efecto previsto no artigo 102, número 3, do citado regulamento. 3.- Notificar o presente acordo ós interesados (...)

Notificado o trámite de audiencia algúns propietarios presentaron documentación acreditativa de cantas circunstancias afectan os seus predios.

Logo de ser requirido á entidade colaboradora, presenta proxecto rectificativo de reparcelación o 5.12.05.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26.12.05 se adoptou o seguinte acordo: "(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación presentado pola entidade <Espacio Vital, Construcción y Promoción, S.L.> <e asumido expresamente polas mercantís <<Promociones Vitalvigo, S.L.>> e <<Promociones Tresríos, S.L.>>, condicionando o cumprimento do contido dos antecedentes e o informado polos técnicos municipais. 2.- Someter o proxecto de reparcelación a un trámite de información pública e audiencia ós interesados por un prazo de 20 días, publicando o acordo que se adopte no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (...)."

Durante o trámite de información pública e de audiencia ós interesados, se presentaron as seguintes alegacións (segundo consta na certificación asinada polo Secretario da XMU de data 29.03.06): Dona Victoria García Hervello (doc. 60023561); Don Vicente Ramil Estévez (doc. 60023468); Don Luis Sancha Calvo (doc. 60023465); Don Raúl Vilariño Orge (doc. 60024161); Dona Juana Ferreira García (doc. 60024669); Dona Jose González Rodríguez (doc. 60025332); Asociación de Veciños do Calvario (doc. 60025589); Dona María Jesús García Conde (doc. 60025681); Don Segundo Carrera Otero (doc. 60025677); Don Eduardo Leclere Domínguez (doc. 60025747); Don José Fernández Rodríguez (doc. 60027520); Don Domingo Fernández Ribeiro (doc. 60032564), Don Ramiro Paredes Molanes, Dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso, Don Jose Manuel Alfaya Durán, Dona María Jesús López Graña, Don Eduardo Rios Amigo, Dona María Concepción Lareo Fernández, Dona Laurentina Sánchez Villar e Dona Rosa Gregores Martínez (doc. 600966427).

O 10.11.06 os técnicos municipais da oficina de planeamento e xestión, informaron as alegacións. O mencionado informe foi remitido ós propietarios e interesados, ó abeiro do disposto no artigo 109.2 do real decreto 1.093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística.

En data 7.10.08 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV 04 do Calvario <actual APR 4 09 "Calvario 6"> <expte 4624/401>. SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós titulares de dereitos de propiedade e arrendamento, informando que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. Ós titulares de dereito de arrendamento que é susceptible de ser indemnizada a súa extinción, informar que para que se proceda ó aboamento das cantidades previstas no proxecto de equidistribución, deberán achegar xustificación evidente da condición de arrendatario tal e como se fixo mención nos antecedentes da presente proposta. TERCEIRO.- Comunicar a presente aprobación á oficina de patrimonio para que proceda a dar de alta os bens de dominio público que son obxecto de cesión pola aprobación do proxecto de reparcelación (espacios libres: a, c, d, e, g, j, servidumes de uso de superficie: b, f, h, i e o porticado previsto no proxecto). Así mesmo, dar de alta como ben patrimonial integrante no Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindiviso na parcela S-1 (1.779,20 m<sup>2</sup>, 31,26 %). CUARTO.- De acordo co previsto na letra e do punto primeiro do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, incoar expediente que permita a comprobación das persoas que teñan a condición de ocupante legal ós efectos de recoñecemento do dereito de realoxamento. Para elo requírese expresamente ós ocupantes legais para que manifesten expresamente no prazo máximo de quince días a súa vontade de ser realoxados –naquel caso que non o fixeran ata este momento–, debendo xustificar a condición de

ocupante legal á data de 12.09.05 (data de aprobación definitiva da modificación puntual do PERI do Calvario) (...)

Unha vez notificado o acordo, se presentaron os seguintes recursos:

- Dona Ana María Borges Chamorro, e.r. de “Fegaunión, S.A.”. Data de presentación 11.11.08, doc 80142565.
- Don José Manuel Alfaya Durán e dona María Jesús López Graña. Data de presentación 11.11.08, doc 80142585. Completa a documentación con outro escrito de data 17.11.08, doc 80145440.
- Don Ramiro Paredes Molanes e dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso. Data de presentación 11.11.08, doc 80142588. Completa a documentación con outro escrito de data 17.11.08, doc 80145437.
- Dona Laurentina Sánchez Villar. Data de presentación 17.11.08, doc 80145435.
- Dona María Josefa Montes Castro. Data de presentación 17.11.08, doc 80145593.
- Don Luis Sancha Calvo. Data de presentación 25.11.08, doc 80150643.
- Don Vicente Romil Estévez. Data de presentación 24.11.08, doc 80150652. Completa a documentación con outro escrito de data 25.11.08, doc 80151252.
- Don Cándido Míguez Vázquez. Data de presentación 1.12.08, doc. 80153413.
- Don Segundo Carrera Otero. Data de presentación 2.12.08, doc 80153757 e 3.12.08, doc 80155370.
- Dona María Jesús García Conde. Data de presentación 1.12.08, doc 80153761 e 3.12.08, doc 80155373.
- Don José González Rodríguez. Data de presentación 4.12.08, doc 80155848.
- Don Alberto Martínez Vidal. Data de presentación 10.12.08, doc 80158250.
- 
- Don José Rodríguez Fernández, dona María Jesús, dona Nieves e dona Marina Fernández Lago. Data de presentación 11.12.08, doc 80158870.
- Don Carlos Sahuquillo García. Data de presentación 18.12.08, doc 80162823.
- Dona Ana Fernández Fernández. Data de presentación 18.12.08, doc 80163136.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Admisibilidade dos recursos de reposición interpostos.- Tendo en conta a data de interposición e o obxecto dos escritos presentados, a totalidade dos recursos de reposición presentados deben ser admitidos ó abeiro do establecido no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

2.-Análise individualizado de cada un dos recursos de reposición presentados.- A seguir, fase contestación individualizada a cada recurso de reposición presentado.

- Dona Ana María Borges Chamorro, e.r. de “Fegaunión, S.A.”. Data de presentación 11.11.08, doc 80142565: Solicita que na anotación que proceda dos bens de dominio público no Patrimonio Municipal, consten para os espazos libres a, c, d, e, g, y j, as cargas que no mesmo Proxecto de Reparcelación recolle e que se transcriben a continuación: “CARGAS: Libre de cargas. No obstante en lo que en aplicación de las Ordenanzas del PERI IV-04 “O Calvario”, la ocupación en sótanos supere el ámbito de las parcelas edificables colindantes la cesión será de uso en superficie.”

INFORME: No proxecto de reparcelación se reflexa a carga descrita tal e como se informa no recurso de reposición presentado. O instrumento de equidistribución será título suficiente para que no Rexistro da Propiedade se reflectan todas as circunstancias xurídicas que aparecen descritas no mesmo.

PROPOSTA: Desestimar o recurso, por canto o proxecto de reparcelación incorpora a carga aludida no escrito presentado por “Fegaunión, S.A.”.

- Propietario da parcela 38, Gregorio Espino 28: Don Cándido Míguez Vázquez. Data de presentación 1.12.08, doc. 80153413 .- Manifesta que a que foi arrendataria do ático do edificio da súa propiedade, dona Juana Ferreira García, xa non mantén contrato de alugueiro con esa propiedade dende abril do 2007.

*INFORME:* A comunicación corrobora o contido da aprobación definitiva do proxecto de reparcelación.

*PROPOSTA:* Tómase razón do escrito, incorporando a manifestación ó expediente.

- Arrendatario parcela 39, Gregorio Espino 30: Don Segundo Carrera Otero. Data de presentación 2.12.08, doc 80153757.- Solicita que se considere a súa condición de arrendatario do piso terceiro do número 30 de Gregorio Espino e presenta documentación para que se teña en conta a efectos de indemnización e realoxamento. Documentación presentada: contrato de alugueiro con data 1 de maio de 2003, inscrición no padrón con data 01 de marzo de 1991, recibo de Vodafone a esta dirección, recibos do alugamento de agosto a outubro de 2008. Este recurso é idéntico ó presentado o 03.12.08, doc nº 80155370.

*INFORME :* No expediente xa constaba copia do arrendamento subscrito entre don Segundo Carrera Otero e don José González Rodríguez, como propietario do piso 3º, do número 30 da rúa Gregorio Espino. Como quedou informado no punto 4º dos fundamentos legais do acordo da Xunta de Goberno Local de 7.10.08 os contratos cuxa vixencia ou posibilidade de prórroga depende da vontade do arrendador e os mesmos se encontren vencidos no momento de aprobación do proxecto de reparcelación, non serán obxecto de indemnización por extinción do arrendamento. Dado que foi a vontade do arrendador a prórroga do contrato, será o mesmo o que debe asumir a obriga de indemnización da extinción do arrendamento do seu arrendatario. Con respecto ó dereito de realoxamento, se está a tramitar un expediente no que se debe concluír quen ten dereito a realoxamento, non obstante, a non consideración do arrendamento como susceptible de ser indemnizado, ocasiona a rexeitar a pretensión de realoxamento.

*PROPOSTA:* Desestimar o recurso de reposición.

- Arrendataria parcela 39, Gregorio Espino 30: Dona María Jesús García Conde. Data de presentación 1.12.08, doc 80153761: Idéntico contido co previsto no documento 80153757. Este recurso é idéntico ó presentado o 03.12.08, doc nº 80155373.

*INFORME:* Mesmo sentido que o recurso anterior.

*PROPOSTA:* Desestimar o recurso de reposición interposto.

-Propietario parcela 39, Gregorio Espino 30: Don José González Rodríguez. Data de presentación 4.12.08, doc 80155848.- Manifesta a súa desconformidade nos seguintes aspectos: 1. Non está de acordo co coeficiente de conservación do edificio de 0,85. 2. Desacordo coa estimación do valor de repercusión do solo. 3. Presenta testemuñas do valor actual de arrendamentos de locais comerciais na zona para que se teña en conta a efectos de extinción de arrendamentos. 4. Pide que se estime a existencia de indemnización por peche temporal e lucro cesante do local comercial. 5. Solicita que se estime como indemnizable a perda da opción de alugar as vivendas en condicións de seguridade xurídica para os inquilinos.

*INFORME:* O coeficiente de conservación das edificacións veñen reflectidos na norma 13 do decreto 1020/1993. A edificación é do ano 1961 e non se levaron a cabo obras de mantemento e conservación, mantendo os mesmos acabados e materiais que se utilizaron para a súa construción, polo que non se pode utilizar o coeficiente 1 de conservación xa que entraría

en contradicción con aquelas edificacións na que se executaron obras de reforma, rehabilitación, cambio de materiais, etc, e que lles correspondería ós efectos de valoración o coeficiente de conservación 1. En canto á valoración por repercusión do citado aproveitamento no que se parte dun valor en venta de 2.100 €/m<sup>2</sup>, esta cifra foi rexeitada polo alegante en anteriores escritos e desestimada xa en anteriores alegacións, e sen que o alegante presenta unha valoración contradictoria, sendo a xuízo da oficina técnica de planeamento e xestión un valor de mercado axustado á realidade. En canto a valorar lucros cesantes, cesación temporal de actividade e perda de clientela, entende esta oficina técnica que aínda sendo un tema xurídico no se pode demostrar inactividade do local Cial nin cesación nin perda de clientela. En canto ós datos aportados de alugamentos na zona, na tramitación do expediente realizouse un estudio de mercado de alugueiros de locais comerciais na zona e zonas próximas, tomáronse 15 mostras de ofertas aparecidas en diferentes páxinas de internet da que se achegaron as mostras tidas en conta, concluíndose que os prezos adoptados no proxecto de reparcelación eran superiores ao prezo que se deduce no estudio de mercado, que se estimou tendo en conta as mostras e as características dos locais recollidos do estudio de mercado, en 6 €/m<sup>2</sup> e mes.

A indemnización é calculada partindo do prezos medios de arrendamentos de locais de negocio na zona e a capitalización da diferenza de renda entre as que anualmente se estaban aboando e a que se abona por locais similares en canto a capacidade e situación, así como os gastos de traslado, fianzas dos novos contratos de arrendamento e o alta nos subministros.

**PROPOSTA:** Desestimación do recurso de reposición presentado.

-Propietarios parcela 12, San Roque 124: Don José Rodríguez Fernández, dona María Jesús, dona Nieves e dona Marina Fernández Lago. Data de presentación 11.12.08, doc 80158870.1. Alega que o proxecto reparcelatorio vulnera o principio de xusta distribución de beneficios e cargas e existe unha vulneración das normas relativas á división das parcelas resultantes en proporción o seus dereitos. 2.- Motiva o recurso en base a unha suposta incorrección na delimitación realizada no polígono e que trae como consecuencia unha vulneración do principio de xusta distribución de beneficios e cargas. 3.- Falta de equidad no reparto da totalidade do aproveitamento que xenera o polígono e que o custe total da urbanización non se axusta a totalidade da superficie do ámbito. 4.- Suposta ilegalidade da ficha do PXOM e non constancia da diminución patrimonial dos recurrentes. 5.- Existencia dun convenio de xestión polo que se acometen obras de urbanización en terreos exteriores ó polígono. 6.- Previsión de demolición de edificacións que se encontran na mesma situación que a dos recurrentes. 7.- Indemnización dunha situación de fóra de ordenación por non poder acadar a altura máxima prevista no PERI. 8.- Pérdida de parte do espazo da mercería e, polo tanto, entenden que debe ser indemnizados os propietarios. 9.- Apórtase informe técnico no que se cuantifican os danos que entenden que se están a ocasionar co proceso de xestión.

**INFORME:** 1.- En primeiro lugar, tense que informar que o proxecto de reparcelación foi redactado de acordo co previsto nas regras xerais para a equidistribución previstas nos artigos 115 e seguintes da LOUGA. Pese a afirmación dos recurrentes, non se observa que exista vulneración das regras de distribución de beneficios e cargas á hora de redactar o proxecto de reparcelación.

2.- En segundo lugar, con respecto ó alegado polos recurrentes, tense que reiterar o informado con ocasión da aprobación definitiva do proxecto de reparcelación con respecto á suposta incorrección da delimitación do ámbito: "(...) Sobre a cualificación de solo urbano non consolidado, non é obxecto de análise do presente expediente. En efecto, a consideración como tal foi confirmada pola modificación puntual do Plan especial de reforma interior cuxa aprobación definitiva foi realizada por acordo plenario de 12.09.05 <expte. 7088/411>. Non consta a interposición de recurso algún por parte do alegante do instrumento de desenvolvemento aludido. O obxecto dun proxecto de equidistribución é a distribución xusta de benefi-

cios e cargas, a regularización da configuración dos predios, a situación dos aproveitamentos nas zonas aptas para a edificación de acordo co planeamento e o aproveitamento atribuíble ó Concello. Non procede polo tanto, nesta fase da execución do planeamento, a apreciación dos motivos aludidos no escrito de alegación no sentido da consideración da parcela 12 como solo urbano consolidado. Por outra parte, como establece o artigo 123.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, a delimitación de polígonos deberase realizar polo plan que establezca a ordenación detallada. O procedemento de redelimitación dos polígonos previsto no punto 4º do artigo 123 non é aplicable ó caso, por canto o suposto que se plantexa é a redelimitación de polígonos dentro dunha mesma área de reparto. Tampouco se pode considerar que o artigo 62.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro, sexa aplicable ó caso. Neste suposto se está mencionando a posibilidade dos plans parciais e especiais modifiquen a delimitación das áreas de reparto ou sectores previstos no Plan Xeral de ordenación municipal. A exclusión do procedemento reparcelatorio non é posible nun proxecto de equidistribución por non ser o obxecto do mesmo. A consideración como non consolidado deriva dun acto <o de aprobación da modificación puntual do PERI -extpe. 7088/411>, firme e consentido polo alegante. Non procede a impugnación indirecta, tratándose dun acto de xestión urbanística, tal e como se apreciou polo Tribunal Supremo (entre outras) na sentenza de 4 de xullo de 2000 <RX 5474, relator: Sr. Sanz Bayón>: "<<...>> como ya tiene declarada esta Sala en sentencias de 22 noviembre 1994 <<<RJ 8643>>>, 21 de junio de 2000 <<<RJ 5474>>>, entre otras, la delimitación de una Unidad de Actuación o su modificación, para su ejecución, y las determinaciones que efectúa al efecto el Plan, carecen de elementos necesarios que permitan calificar a tal Delimitación como una verdadera norma o disposición administrativa de carácter general, sino más bien, siendo concretos y determinados sus destinatarios y su vigencia no indefinida sino referida a un concreto período de ejecución, la calificación adecuada debe ser la de acto administrativo singular, por lo que en definitiva, y al no tener la consideración de norma jurídica de carácter general, la delimitación divisional de los polígonos A y B, es llano que no cabe contra la impugnación de la misma, la vía del recurso indirecto planteado en base a los apartados 2 y 4 del art. 39 de la Ley Jurisdiccional, procediendo pues la desestimación de este motivo y de la impugnación indirecta del Plan Especial en cuanto a esa delimitación poligonal, así como de su consecuencia anulatoria de los Estatutos y Bases de actuación <...>". Por outra parte, tense que informar que do propio mantemento da edificación se pode concluir que non ocasiona ningunha distorsión á actividade que se puidera realizar no baixo da edificación e mesmo, tampouco pode concluirse que a edificación quede nunha situación de fóra de ordenación.

3.- En contestación ó terceiro punto do recurso de reposición e, unha vez comprobada a distribución dos aproveitamentos entre todas as parcelas de resultado non se aprecia irregularidade. Así mesmo, pese a afirmación dos recurrentes, a urbanización contida no proxecto de urbanización que está aprobado inicialmente, comprende a totalidade do polígono, con independencia do grado de intervención en función das necesidades de urbanización que se plan- texan no aludido proxecto.

4.- Con respecto a suposta ilegalidade da ficha do PXOM, non se concreta os extremos polos que os recurrentes estiman a concurrencia dun vicio de nulidade. Por outra parte, con respecto á suposta diminución patrimonial, tense que non existe diferenza na situación patrimonial dos propietarios da parcela número 12 e do resto que integran o proceso de xestión. O aproveitamento atribuído á parcela é o correspondente á superficie que aportan, o beneficio e as cargas que se lle atribúen a mesma, son calculados con estricteza sujeción ó previsto nos artigos 115 e seguintes da LOUGA. Non pode esquecerse que a edificación en sí, se verá revalorizada pola execución dunhas obras de urbanización que melloran o entorno e que suporán a xeración dunha plusvalía evidente para os propietarios. Mesmo na letra d, do Título V do proxecto de reparcelación ("Tasación de los derechos, edificaciones, construcciones o plantaciones que deban extinguirse o derruirse para la ejecución del planeamiento urbanístico"), se prevé unha indemnización polo aproveitamento edificable patrimonializado exce-



dente ó abeiro do establecido na Disposición Transitoria 5ª do Texto refundido da Lei do solo do ano 1992. O importe da indemnización ascende a 8.880,31 €

5.- Non pode apreciarse como ilegal o Convenio de xestión asinado entre o mesmo e a entidade mercantil "Espacio Vital Construcciones y Promociones, S.L.". O mesmo procura completar a urbanización de todo o espazo e o asinamento do mesmo é unha garantía de financiación da expropiación e custes de urbanización, que non serán imputados á totalidade dos propietarios, senón a empresa asinante ou persoa que se subroga na situación dos mesmos. Corrobora tal feito que a letra d) da descripción das cargas da parcela de resultado S-1 establece o seguinte: "(...) Las cuotas partes adjudicadas en esta parcela a <Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.> quedan gravadas con la carga o afección real de abono del importe necesario para la adquisición de los derechos emplazados en el exterior de la delimitación del Polígono, así como de los costes de urbanización, sin perjuicio de que pueda ser sustituida esta carga por aval bancario una vez determinados dichos importes (...)".

6.- Non pode estimarse a alegación por canto, a situación diferenciada da parcela 12 con respecto do resto, consiste en que en aplicación do disposto nos artigos 89 e seguintes do Real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, non pode manterse unha edificación na que se lle atribúan aproveitamentos a máis persoas que os propietarios orixinais. No caso da parcela 12 a atribución da totalidade do aproveitamento se realiza ós propietarios da parcela de orixe.

7.- Non pode apreciarse que a edificación se encontre nunha situación de fóra de ordenación polo feito de que a mesma non agota a altura máxima prevista no PERI. A edificación é perfectamente compatible co planeamento é de ahí que se propoña o seu mantemento.

8.- Non pode estimarse o recurso dado que en ningún caso se está a obrigar a extinción da actividade que se exerce no baixo. A actividade mantén a súa actividade e non se ve afectada polo proceso de xestión.

9.- Apórtase informe técnico no que se abordan case a totalidade das cuestións tratadas no recurso coa diferenza que realiza unha valoración do detrimento patrimonial. Reitérase a contestación con respecto ós anteriores puntos, non obstante, tense que engadir que o feito de que no fronte da parcela puidera ter todos os servizos básicos, a propia delimitación do polígono é consecuente coa falla dun necesario proceso de xestión integral que aborde a reforma interior dun ámbito degradado e que está a empeorar polo seu estado o valor da propia edificación. Os servizos dos que se serve serán notablemente mellorados co proceso de xestión.

**PROPOSTA:** Desestimar o recurso de reposición.

- Propietarios parcela 37, piso 1º, Gregorio Espino 26: Don Carlos Sahuquillo García. Data de presentación 18.12.08, doc 80162823. Comunican a defunción dos titulares do dereito de propiedade do piso 1º, do número 26 da rúa Gregorio Espino.

**INFORME:** Apórtase documentación acreditativa do falecemento dos titulares do dereito de propiedade da parcela.

**PROPOSTA** Tomar razón da comunicación do falecemento dos titulares do piso 1º, do número 26, polo cal a parcela de resultado deberá constar a nome da Comunidade hereditaria de don Aurelio Sahuquillo Ordoño e dona Rosina García Fernández.

-Propietaria parcela 7, San Roque 100: Dona Ana Fernández Fernández. Data de presentación 18.12.08, doc 80163136.: 1. Comunica a extinción dos arrendamentos do soto dereita, baixo esquerda e 1º dereita para que non se consideren a efectos de extinción dos arrendamentos. 2. Ademais fai

constar que dependendo da vontade do arrendador, o Soto esquerda e o 2º esquerda non deben contemplarse como susceptibles de ser indemnizados por ser os contratos posteriores a data de incoación do expediente de reparcelación.

*INFORME:* Con respecto á comunicación da extinción da relación arrendaticia de certos inmobles, de toma razón da mesma da que a propietaria se fai responsable da veracidade dos datos aportados. En relación cos contratos do sótano esquerda e segundo esquerda, tense que informar que non son posteriores á data de incoación do expediente reparcelación (Resolución do Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo de 17.10.05).

*PROPOSTA:* Tomar razón da comunicación da extinción dos arrendamentos do sótano dereita, baixo esquerda e da falla de subrogación do piso primeiro dereita.

-Arrendatarios parcela 7, San Roque 100 (segundo dereita): Escrito presentado por don José Manuel Alfaya Durán y dona Mª Jesús López Graña (doc 80142585, data de presentación: 11.11.08): Poñen en coñecemento a súa vontade de ser realoxados no ámbito do PERI e achegan documentos para xustificar a súa condición legal (doc 80145440, data de presentación: 17.11.08)

*PROPOSTA:* Tómase razón da documentación presentada.

-Arrendatarios parcela 7, San Roque 100 (primeiro esquerda): Escrito presentado por don Ramiro Paredes Molanes e dona Mª del Carmen Generosa Vargas Alonso (doc 80142588, data de presentación: 11.12.08 e doc 80145437, data de presentación: 17.11.08): Idéntico contido cos doc 80142585 e 80145440.

*PROPOSTA:* Tómase razón da documentación presentada

-Arrendatario parcela 7, San Roque 100 (baixo dereita): Escrito presentado por dona Laurentina Sanchez Villar (doc 80145435, data de presentación: 17.11.08): Idéntico contido cos doc 80145435, 80145440, 80142588 e 80145437.

*PROPOSTA:* Tómase razón da documentación presentada.

-Arrendatario parcela 34, Gregorio Espino 20 (segundo dcha): Escrito presentado por dona Mª Josefa Montes Castro (doc 80145593, data de presentación 17.11.08): Idéntico contido cos doc 80145435, 80145440, 80142588, 80145437 e 80145435.

*INFORME:* Na aprobación definitiva do proxecto de reparcelación outorgado polo acordo da Xunta de Goberno Local de 7.10.08, non se contemplaba a posibilidade de indemnización da extinción do arrendamento con cargo á xestión urbanística. Xustifícase a existencia dun contrato de arrendamento formalizado no ano 2000. Tendo en conta o informado na aprobación definitiva do proxecto de reparcelación, os contratos cuxa vixencia ou posibilidade de prórroga depende da vontade do arrendador e os mesmos se encontren vencidos no momento de aprobación do proxecto de reparcelación, non serán obxecto de indemnización por extinción do arrendamento. Dado que foi a vontade do arrendador a prórroga do contrato, será o mesmo o que debe asumir a obriga de indemnización da extinción do arrendamento do seu arrendatario. Con respecto ó dereito de realoxamento, se está a tramitar un expediente no que se debe concluír quen ten dereito a realoxamento, non obstante, a non consideración do arrendamento como susceptible de ser indemnizado, motiva a rexeitar a pretensión de realoxamento.

*PROPOSTA:* Desestimar a solicitude de indemnización por extinción de arrendamento e consecuentemente, a posibilidade de ser recoñecido o dereito de realoxamento.

-Arrendatario parcela 38 (segundo), Gregorio Espino 28: Escrito presentado por don Luis Sancha Calvo (doc 80150643, data de presentación 25.11.08): Idéntico contido cos doc 80145435, 80145440, 80142588, 80145437, 80145593.

PROPOSTA Procederáse á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

PROPOSTA: Tómase razón da documentación presentada.

-Arrendatario parcela 38, Gregorio Espino 28 (terceiro): Escrito presentado por don Vicente Ramil Estevez (doc 80150652, data de presentación 26.11.08; e doc 80151252, data de presentación 27.11.08): Idéntico contido cos doc 80145435, 80145440, 80142588, 80145437, 80145435, 80145593 e 80150643.

PROPOSTA: Tómase razón da documentación presentada.

-Arrendatario parcela 38, (piso 1º), Gregorio Espino 28 : Alegación presentada por don José Vázquez Peña (doc nº 80150941, data de presentación: 26.11.08): Idéntico contido cos doc 80145435, 80145440, 80142588, 80145437, 80145435, 80145593, 80150643, 80150652 e 80151252. En resumo, se solicita o seguinte: 1.- Que se teña por arrendatario no proxecto de reparcelación. 2.- Que se dea conta aos Servizos Sociais do Concello da situación familiar do arrendatario. 3.- Que se garante o dereito de realoxamento.

INFORME: No proxecto de reparcelación consta acreditado que don José Vázquez Peña é titular dun dereito de arrendamento no piso primeiro do edificio sito na rúa Gregorio Espino 28. Con respecto á solicitude de realoxamento, se toma razón da documentación presentada. Así mesmo, darase conta da situación ó Departamento de Benestar Social do Concello.

PROPOSTA: Tomar razón do contido do escrito presentado.

- Escrito presentado por don Alberto Martínez Vidal, suposto ocupante da vivenda sita no piso terceiro do número 100 da rúa de San Roque.- Solicita o realoxamento.

PROPOSTA: En virtude do expediente administrativo e das manifestacións obrantes no mesmo tanto de arrendatarios como propietarios da edificación, non consta a existencia de contrato de arrendamento no piso terceiro da rúa San Roque 100. Xa que logo, desestímase o recurso presentado.

3.- *Falla de xustificación dos arrendamentos, rectificación de diversos erros e modificacións a incorporar ó proxecto de reparcelación.- Da análise dos escritos presentados, do propio expediente e do proxecto de reparcelación, tense que informar o seguinte: Como quedou exposto no acordo de aprobación definitiva do proxecto de reparcelación, diversos arrendamentos precisaban dunha xustificación ou acreditación fehaciente do arrendamento e a data a partir do cal está a producir efectos. Da documentación presentada tanto polos propietarios como dos supostos inquilinos, tense que facerse as seguintes puntualizacións ó proxecto de reparcelación:*

\* *Eliminación da indemnización pola extinción do arrendamento do sótano dereita, baixo esquerda do edificio situada en San Roque 100. Según informou a propietaria do inmovible non existe na actualidade relación arrendaticia. Con respecto ó primeiro dereita, tense que eliminar calquera suposto de indemnización dado que non se acreditou a existencia de subrogación do contrato.*

\* *Rectificar a data e método de valoración dos arrendamentos do baixo dereita, primeiro esquerda e segundo dereita, dado que son arrendamentos suxeitos a prórroga forzosa, tal e como se establecía no proxecto de reparcelación aprobado inicialmente.*

\* Condicionar a percepción do importe da extinción do arrendamento do segundo dereita e terceiro dereita de Gregorio Espino número 20, á presentación de documentación ou xustificación da renda que se está a aboar ó propietario do inmovible.

\* Con respecto ó local de planta baixa da edificación da rúa Gregorio Espino número 30, deberá presentar contrato de aluguer para a percepción da indemnización que proceda. Por outra parte, debe tratarse a extinción do arredamento como un contrato non suxeito a prórroga forzosa.

4.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- O abeiro do disposto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, é competente para resolver o mesmo órgano que dictou o acto que se recorre. Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación foi atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

